




RÍO VILAMEÁ

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1,6 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta circular que segue o curso do Río Vilameá na que podemos ver varios muíños restaurados hai anos.

O río Vilameá é un afluente do río Caldo (tributario do Limia) que nace nos cumes do Xurés (Pico do Sobreiro). En todo o seu percorrido abundan os saltos, laxes escorregadoiras e pozas nas que se poden tomar refrescantes baños no verán.

Esta ruta combina o atractivo da natureza e a etnografía co lecer de tomar o sol e bañarse nas pozas de augas transparentes.



O mellor conxunto de poza, salto e laxes escorregadoiras que se atopa no percorrido.



Morcego de ferradura.
No interior dos muíños
pódense atopar, colgando
do teito, morcegos durmindo.

